



INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: INGLÉS

MATERIA LOMLOE: Proxecto Competencial

CURSO NO QUE SE IMPARTE: 1º ESO

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

O Proxecto Competencial en 1º de ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender e expresarse mediante a elaboración de proxectos. Neste caso a materia forma parte do departamento de inglés polo que a presenza da lingua inglesa na aula será determinante e se procurará o enriquecemento e a expansión da conciencia intercultural e plurilingüe.

➤ **Metodoloxía das clases:**

A metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

Promoverase o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a tutoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis e que favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento.

➤ **Relación desta optativa cos estudios posteriores** (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

O uso prioritario da lingua inglesa na aula favorecerá que o alumnado mellore a expresión e comprensión oral e escrita nesta lingua. Consideramos que repercutirá positivamente en calquera ámbito profesional ou académico no que haxa que expresarse en inglés.